

O tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por Resolución reitoral do 3 de maio de 2023, (DOG 16.05.2023) para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico de grao medio de investigación (espectroscopía IR-Raman), grupo II, pola quenda de promoción interna, da Universidade de Santiago de Compostela, na sesión celebrada o día 13 de decembro, **ACORDOU**:

1º Facer públicos os seguintes criterios de corrección:

- O exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II da convocatoria.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 125 minutos.
- O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos. Para superalo, será necesario obter un mínimo do 50 % do total das respostas correctas (60 respostas correctas), que supón unha valoración de 12,5 puntos.
- As respostas incorrectas non puntuarán negativamente
- As preguntas de reserva, numeradas da 121 á 125, entrarán por orde a substituír ás que puidesen ser anuladas no caso de presentarse reclamación sobre algunha pregunta do exame e ser estimada.

2º Facer públicos os seguintes aspectos organizativos e instrucións:

- O chamamento da persoa aspirante será ás 9.30 diante da Sala de vídeo conferencia (planta 2) no edificio CACTUS.
- A persoa aspirante deberá vir provista de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- A persoa aspirante deberá vir provista de lapis do número 2, goma de borrar e calculadora non programable.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal.
- A persoa aspirante, como participante neste proceso, ten a obriga de entregar a folla de resposta do exame.
- Rematado o exame, a persoa aspirante poderá levar o caderno de preguntas máis a folla

autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O Tribunal fará público un documento coas respostas correctas na páxina web:

<https://www.usc.gal/es/servicios/unidades/subarea-planificacion-pas>, lugar onde tamén se publicarán as cualificacións do exercicio.

- A folla de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberá marcar dende o número 1 ao 125, que se corresponden co número de preguntas máis cinco de reserva. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras a, b ou c, que son as tres opcións que figuran para cada unha das preguntas.
- A persoa aspirante non debe marcar máis dunha resposta por pregunta. De facelo será considerada unha resposta incorrecta.
- No caso de que a persoa aspirante desexa corrixir unha resposta deberá borrar completamente a marca errónea (debe terse en conta que a folla de exame é autocopiativa).
- Non se debe dobrar nin manchar a folla de respostas. A folla de respostas deberá ser entregada ao tribunal cando así sexa requirida, sendo este documento o único acreditativo das respostas para os efectos de que a persoa aspirante sexa cualificada.

3º Facer públicas as seguintes causas de exclusión:

- Comezar a realización do exercicio antes de que o Tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior.
- A presenza de teléfono móbil, axenda electrónica, reloxo intelixente ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. No se poderá acceder á proba con ningún deste tipo de dispositivos, e non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia dos mesmos.

Santiago de Compostela,

O presidente do tribunal

Pablo Taboada Antelo

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/12/2023 13:01:13.

CSV: C2FF-07DB-4647-9590